

CAMPIONATO UNIVERSITARIO GALEGO DE TENIS

1.- ORGANIZA

Universidade de Santiago de Compostela

2.- LUGAR

Lugo

Pazo de Feiras e Exposicións (ao lado do estdio de fútbol Anxo Carro)

3.- COLABORA

Concello de Lugo

Federación Galega de Tenis

4.-DATA E HORA

15 de abril a partir das 10:00 horas

5. PARTICIPANTES

Poderán participar neste campionato todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador, sen límite ningún de idade) das Universidades de A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

6. INSCRICIÓNS

Ata as 14,00 horas do día 9 de abril, a través dos servizos de deportes das respectivas Universidades.

As Universidades de Vigo e Coruña remitirán as súas inscricións ao Servizo de Deportes da Universidade de Santiago por correo electrónico depose@usc.es antes do 9 de abril de 2015.

Serán os servizos de deportes das respectivas universidades os que comprobarán a pertenza dos inscritos á súa comunidade universitaria.

7. NÚMERO DE INSCRITOS

Cada Universidade podera inscribir un máximo de 8 tenistas (4 homes e 4 mulleres)

8. ACREDITACIÓN

A acreditación dos participantes realizarase na entrada das pistas de tenis a partir das 09,30 horas no Pazo de Feiras e Exposicións

Documentación a presentar: D.N.I., Pasaporte ou Carné de conducir.

Relación dos inscritos asinados por cada universidade.

9. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Os partidos constarán de dous sets, en caso de empate xogarase un super tie break.

Será unha competición por equipos e dúas modalidades:

- Campionato galego universitario de tenis masculino
- Campionato galego universitario de tenis feminino.

En cada modalidade haberá un nº 1 un nº 2 e parellas. Os xogadores individuais non poden participar en parella.

Enfrontamentos e horarios

HOMES

HORA	PISTA 1	PISTA 2	PISTA 3
10,00 a 11,30	C1 - S1	S2 - C2	PS - PC
11,30 a 13,00	C1 - V1	S2 - V2	PS - PV
13,00 a 14,30	S1 - V1	C2 - V2	PC - PV

MULLERES

HORA	PISTA 1	PISTA 2	PISTA 3
10,00 a 11,30	C1 - S1	S2 - C2	PS - PC
11,30 a 13,00	C1 - V1	S2 - V2	PS - PV
13,00 a 14,30	S1 - V1	C2 - V2	PC - PV

S.- Santiago; C.-Coruña; V.- Vigo 1.- nº 1; 2.- nº 2 e P.- Parella

10. SISTEMA DE PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

Sistema de puntuación:

-Cada partido ganado supón 5 puntos e 3 máis por cada 10 xogos a favor. Gana o equipo que teña máis puntos, non conta o tie break.

-En caso de empate: Clasifica primeiro o que gañe o enfrontamento directo. Se persiste o empate o que teña máis puntos a favor no total dos partidos. Se o empate continúa, o que teña menos en contra. Se houberse total coincidencia decidárase a sorteo

11. ARBITRAXE

Os xogadores arbitrarán os eus partidos e haberá un coordinador de pista que resolverá os conflitos que poidan xurdir.

12. PREMIOS

Entregaranse trofeos as tres universidades como 1º, 2º e 3º clasificado. Tamén se entregará do mesmo xeito medallas a cada un dos integrantes dos equipos.